



**ACTA N.º 6/2016**

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 30 DE XUÑO DE 2016**

**ASUNTOS**

**I.- PARTE RESOLUTIVA**

- I.1.- ACTA ANTERIOR
- I.2.- DENOMINACIÓN DE RÚA: "OS ARGONAUTAS DO MIÑOR".
- I.3.- USO DE HERBICIDAS CON GLIFOSATO.
- I.4.- SOLICITUDE DE DESAFECTACIÓN DUNHA VIVENDA DE MESTRE EN BALINFRA-CAMOS
- I.5.- SUBSTITUCIÓN DE PERSONAL NO "SERVIZO DE ATENCIÓN PRIMARIA VAL MIÑOR" DA XUNQUEIRA.

**II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

- II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA ESPECIAL REFERENCIA Á SUBVENCIÓNS PARA SERVIZOS SOCIAIS.
- II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

**ASISTENTES:**

**Grupos:**

**Alcalde-Presidente:**

- PSOE:
  - D. Juan Antonio González Pérez

**Concelleiros/as:**

- D.<sup>a</sup> Raquel Giráldez Armas
- D. Diego García Moreira
- D. Rubén Rial Sánchez
- D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez
- D. José Luis Sanromán Román
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez
- D. Alberto García Pazos
- D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto
- D. Miguel Alonso Fernández

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

---

Interventor: D. Modesto Solla Sanz  
 Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

**Outros datos da sesión:**

- *Data:* Xoves, 30 xuño de 2016
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:00
- *Hora de remate:* 21:55
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 15
- *Non asiste:* D. Modesto Martínez Siñes

**Incidencias:**

a) Alteracións no quórum de asistencia:

- *Concelleiros que se incorporan durante a sesión, e momento en que o fan:* D. José Luis Sanromán Román, durante o debate do segundo punto da orde do día.
- *Concelleiros que abandonan a sesión:* Ningún.

b) Outras incidencias: Non se recollen.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trattaron os asuntos que seguidamente se describen, respecto dos que se adoptaron os acordos que se fan constar:

*I.- PARTE RESOLUTIVA*

**I.1.- ACTA ANTERIOR**

*A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 31 de maio de 2016*

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

**Votación e acordo.** Sometida á votación a acta da sesión do 31 de maio de 2016 queda aprobada cos votos a favor dos quince membros da Corporación presentes.

**I.2.- DENOMINACIÓN DE RÚA: "OS ARGONAUTAS DO MIÑOR".**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 23 de xuño de 2016, acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción da Alcaldía-Presidencia:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**



Con data 12 de maio de 2016 tense presentado por rexistro (número 6286) unha petición asinada por dona María José Muguerza e don Gonzalo González-Nuevo, ambos dous da parroquia de San Pedro da Ramallosa, e respaldada por 355 sinaturas (acompañadas de nome completo e número de DNI) para que o vial que pasa por diante da Piscina Mancomunada de A Ramallosa se lle poña unha placa co nome "Rúa dos Argonautas".

En dito escrito argumentan razóns históricas e deportivas e, asemade, dito nome non afectaría a ningunha vivenda nin ocasionaría problemas cos enderezos das persoas que alí viven ni coas empresas que alí están ubicadas.

Por todo elo o Plano da Corporación Municipal de Nigrán e atendendo á dita petición popular, **ACORDA**

Nomear dita rúa que une a Avenida M. Lemos co Camiño da Cabreira (en A Ramallosa) e que ven sinalado no plano que se achega, co nome "Rúa dos Argonautas".

**Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*Sr. Alcalde-Presidente:* É unha proposta do goberno en resposta a unha petición de máis de 300 persoas. Explica as razóns da denominación pretendida e indica que non hai terceiros afectados. Le a parte dispositiva.

*Dª. Mª. Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular:* Non entenden moi ben a proposta, xa que é unha facultade do Alcalde. Ao traello a Pleno debeuse buscar consenso e non se fixo. Preferían un nome máis axeitado ao lugar. Absteranse.

*D. Anxo Mosquera Nogueira, do grupo Nigrán Decide:* Votarán a favor. Pide que se actualice o inventario de vías para evitar que algunhas aínda non teñan nome.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* O Alcalde puido decidilo el. Trouxo o asunto ao Pleno sen buscar consenso. Prefire os topónimos da zona aínda que esta é unha urbanización recente. É sorprendente que sexa un vial sen nome oficial. Respecta a solicitude vecinal, pero é a Corporación a que debe valoralo, se é posible por consenso. E para iso pide que quede sobre a mesa.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Recoñece a súa simpatía pola iniciativa. Están pola recuperación de topónimos locais, como foi o caso da súa proposta sobre a praia de Lourido. Por iso non vai apoiar a iniciativa. Anuncia a súa abstención.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Tróuxose ao Pleno para que a Corporación se pronuncie. Esa é a participación que buscou.

**Votación da petición do grupo UCN de que o asunto quede sobre a Mesa (art. 92 do ROF).- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:**

- Votos a favor: 6; PP e UCN.
- Votos en contra: 9; PSOE e Nigrán Decide.
- Abstencións: 1; BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello rexeita a petición de que o asunto quede sobre a Mesa.

**Votación e acordo.**- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PSOE e Nigrán Decide.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 7; PP, UCN e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

### I.3.- USO DE HERBICIDAS CON GLIFOSATO.

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 23 de xuño de 2016, acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción do grupo municipal Socialista:

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Localis, o Grupo Municipal Socialista desexa someter a consideración do Pleno Municipal a seguinte moción

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

Cada ano, algunas administracións públicas empregan herbicidas de acción rápida para eliminar o que veñen denominándose "malas herbas", por mantemento dos espazos ou de cara á prevención de incendios forestais.

Pero o uso de herbicidas químicos pode ter riscos moi serios. Diferentes estudos demostran que o Glifosato, compoñente dos herbicidas de uso máis estendido, ten efectos moi tóxicos sobre a saúde e o medio ambiente. O glifosato, un herbicida total non selectivo que se emprega para matar herbas e arbustos, infiltrase no solo, é moi soluble na auga, e persistente no solo. Contamina os acuíferos, é tóxico para a fauna acuática, os animais domésticos ou o gando, e esparéxese sen control polo subsolo.

Existen estudos científicos que relacionan o uso do glifosato con afeccións e enfermidades. Entre os efectos adversos deste principio activo describiríronse toxicidade subaguda e crónica, danos xenéticos, trastornos reprodutivos, aumento da frecuencia de anomalías espermáticas, e carcinoses. Ademais, cada preparado herbicida que contén glifosato vén acompañado doutras sustancias que facilitan a súa absorción y que multiplican a súa toxicidade. Entre estes ingredientes están o N-nitroso glifosato que, como outros compostos nitroxenados, son canceríxenos, e o formaldehido, outro carcinóxeno coñecido que se forma durante a descomposición do glifosato.

Recentemente a International Agency for Research on Cancer pertencente á Organización Mundial da Saúde incluíu como probables carcinóxenos a unha serie de pesticidas organofosfatados, entre eles o glifosato: <http://monographs.iarc.fr/ENG/Classification/>

Así, atopámonos co feito de que a aplicación dun herbicida como o glifosato en espazos



públicos constitúe un risco ao que se somete á poboación, aos traballadores que o empregan, ao gando, á flora e fauna, ou ao chan e ás augas, dada a súa toxicidade.

A Directiva marco para un uso sostible dos praguicidas, aprobada polo Parlamento Europeo o 13 de xaneiro de 2009, no seu Capítulo IV, artigos 11 e 12, expón que: "Os Estados membros, tendo debidamente en conta as medidas apropiadas para a protección do medio acuático, a auga potable e os requisitos necesarios de hixiene e saúde pública e a biodiversidade, ou os resultados das avaliaciós de risco pertinentes, velarán porque se minimice ou prohiba o uso de praguicidas nas seguintes zonas específicas: ao longo das estradas [...], nos espazos utilizados polo público en xeral, ou por grupos vulnerables, como os parques, xardíns públicos, campos de deportes e áreas de recreo, recintos escolares e campos de xogo e os espazos próximos aos centros de asistencia sanitaria"

A devandita directiva foi trasposta no Real Decreto 1311/2012, que establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios, e que ten como obxectivo a redución dos riscos e os efectos do uso dos produtos fitosanitarios na saúde humana e o medio, e o fomento da xestión integrada de pragas e de formulacións ou técnicas alternativas, tales como os métodos non químicos.

Este Real Decreto contempla que as súas disposicións "se entenderán sen prexuízo de que a Administración competente en cada caso poida aplicar o principio de cautela limitando ou prohibindo o uso de produtos fitosanitarios en zonas ou circunstancias específicas".

Ademais das anteriores, o marco xurídico para a aplicación de herbicidas e praguicidas complétase coas seguintes normas:

Directiva Marco sobre a Auga (Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello), Directiva Aves (Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello), Directiva Hábitats (Directiva 92/43/CEE do Consello) e Lei 33/2011, do 4 de outubro, Xeneral de Saúde Pública.

Xa son moitos os gobernos e autoridades que están a limitar ou abandonar o seu uso. Actualmente en Francia estúdase mesmo a posibilidade de prohibir a súa venda.

Diversas deputacións e numerosos municipios do estado español tamén están a limitar ou erradicar o uso de herbicidas e de glifosato debido aos impactos ambientais e sobre a saúde dos seres vivos.

Na Galiza concellos como Ames, na Coruña, ou Ponteareas, declaráronse libres de herbicidas químicos, e outros como Marín, Poio ou Arzua xa aprobaron esta moción.

E cidades como Madrid, Barcelona, Badalona, Sevilla, Logroño ou Zaragoza aprobaron recentemente deixar de usar glifosato.

En pleno debate científico sobre os seus efectos carcinóxenos e de alteración endocrina, a Unión Europea aprazou de novo o pasado xoves día 19 de maio a decisión sobre a súa utilización futura, xa que a actual vence no vindeiro mes de xuño. Este principio activo atópase entre a lista de compoñentes químicos que Bruxelas debe examinar este ano para acceder ou non a súa renovación de uso. Hai estados da UE claramente posicionados en contra encabezados por Francia, e debido a isto en marzo aprazouse a votación.

A propia Unión Europea recoñece as preocupacións e controversias que existen respecto ao glifosato e recomendou reducir o seu uso en zonas e xardíns públicos, áreas infantís e centros de saúde, no seu último borrador enviado o 2 de maio deste ano aos países membros.

Por todo o anteriormente exposto e polo que solicito tras o seu debate, a aprobación polo Pleno desta Corporación Municipal do seguinte **ACORDO**:

1. Consciente dos efectos negativos que o uso de herbicidas con glifosato levan consigo para a saúde pública, que afectan ou poden afectar á saúde das persoas e ao medio (co impacto resultante nos sectores produtivos como a apicultura, agricultura e a destrucción do emprego e da actividade económica local) e tomando como referencia a Directiva marco para un uso sostenible dos praguicidas e o Real Decreto 1311/2012 polos que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostenible dos produtos fitosanitarios, o Pleno do Concello de Nigrán acorda non autorizar o uso dos herbicidas con glifosato en todo tipo de lugares públicos do municipio da súa competencia, e substituír estes produtos por métodos mecánicos e/ou biolóxicos non contaminantes, que non danan a saúde nin o medio.
2. Nos casos concretos de conflito, o Concello solicitará por escrito ás entidades implicadas na aplicación de herbicidas que en virtude do Real Decreto 1311/2012 empreguen métodos de control alternativos, non químicos.
3. Dirixirse á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galiza, e ao Ministerio de Fomento, solicitando o abandono inmediato do uso de herbicidas derivados do glifosato no tratamento das cunetas da rede viaria que pase polo noso termo municipal, para que a protección da saúde das persoas e o medio en Nigrán sexa realmente efectiva.
4. O Goberno municipal comprométese a informar deste acordo a todos os colectivos e entidades políticas, sociais e veciñais existentes no municipio para evitar tamén o uso doméstico de herbicidas con glifosato.

#### **Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado:* Refírese ás razóns polas que se trae a proposta. Remítense á exposición de motivos e le a parte dispositiva. Lembra que a Unión Europea aprazou pronunciarse durante os próximos meses.

*Dª. Mª. Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular:* Explica que carece de toxicidade para os animais. Ten unha vida moi curta, o seu impacto é mínimo. Parece razonable preguntarse por que o glifosato cando hai outros más perigosos. Absteranse.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* É unha cuestión polémica, incluso ao seo do seu grupo. O problema real é o uso excesivo de herbicidas, moitos deles más perigosos. Non parece que isto lle corresponda ao Pleno, senón á autoridade municipal, segundo o Real Decreto de aplicación. Hai uns protocolos de precaución e información á poboación que hai que cumplir e correspóndeelle ao Alcalde. O que non debe facer o Concello é usalos nas zonas verdes municipais. Absteranse.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* É un tema controvertido. Tampouco hai un aval científico da súa perigosidade. Ante as dúbidas parece unha proposta demasiado esixente.



Absterase.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Hai discrepancias científicas. O principio de prudencia aplicado pola UE fai que os promotores do produto teñan que demostrar a súa inocuidade. E así debe ser.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Rexitar este producto non exclúe que tamén se poida no futuro estender o acordo a outros semellantes.

*Sra. Alonso Macías Jorreto:* Pensa que nos estamos excedendo. Ademais non hai alternativas para limpar os camiños.

*Sr. Rodríguez Fernández:* O Concello pode decidir os produtos que vai usar.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PSOE e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 8; PP, Nigrán Decide e UCN.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

#### **I.4.- SOLICITUDE DE DESAFECTACIÓN DUNHA VIVENDA DE MESTRE EN BALINFRA-CAMOS**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 23 de xuño de 2016, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía-Presidencia:

"Expte. nº: 2016/018S

O Pleno do Concello, na sesión de 24 de novembro de 2010, solicitou á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a desafección do uso docente da escola de Balintra, Camos, composta por dúas aulas.

A Consellería, mediante resolución de 15 de marzo de 2011, autorizou a desafectación solicitada polo Concello.

Posteriormente comprobouse que unha das dúas vivendas dos mestres situadas nas inmediacións da referida escola atópase desocupada e deteriorada, sen destinarse á finalidade para a que foi construída. Trátase da vivenda que ocupa a parte Oeste da edificación. Polas súas características pode resultar útil para o desenvolvemento de actividades da competencia municipal.

Polo indicado, proponse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.** Solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a desafección dunha das dúas vivendas de mestres existentes en Balintra, Camos,

concretamente a que se atopa desocupada, situada na parte Oeste do edificio que as alberga e emprazada na parcela catastral 54035A027001370001JB; coa finalidade de que o Concello poida dedicala a usos ou servizos públicos de carácter municipal.

**Segundo.** Facultar ao Alcalde para que realice as actuacións necesarias para levar a efecto este acordo.

**Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*Sr. Alcalde-Presidente:* Refírese á proposta. Pensa que é unha oportunidade para o Concello o dispor dunha vivenda en Balinfra. A outra vivenda está ocupada e no seu momento tamén se pedirá a súa desafectación. Hai unha emenda de UCN.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* A emenda amplía a proposta do goberno. Cando as vivendas xa non están vinculadas ás escolas débense desafectar, de aí que se deban incluir as dúas vivendas e tamén unha de Panxón. Dálle lectura á emenda.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Están conformes coa emenda.

*Dª. Mª. Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular:* Na súa época de goberno xa se fixeran comprobacións sobre a ocupación. Están de acordo con que se inclúan as dúas de Camos. En Panxón hai tres aulas. As vivendas están ocupadas por profesoras.

*Sr. Fernández Comesaña:* Sobre as de Panxón pide informe, non a desafectación.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* A favor da emenda.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* De acordo coa proposta. A emenda parécelle ben. Ten unha dúbida sobre se isto pode atrasar a desafectación da primeira.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, modificando a proposta da Comisión Informativa a partir dunha emenda do grupo UCN, acorda:

**Primeiro.** Solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a desafección dunha das dúas vivendas de mestres existentes en Balinfra, Camos, concretamente a que se atopa desocupada, situada na parte Oeste do edificio que as alberga e emprazada na parcela catastral 54035A027001370001JB; coa finalidade de que o Concello poida dedicala a usos ou servizos públicos de carácter municipal.

**Segundo.** Solicitar tamén á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a desafectación da segunda das vivendas de mestres existentes en Balinfra-CAMOS, emprazadas na referida parcela catastral 54035A027001370001JB, coa finalidade de que o



Concello poida dedicala a usos ou servizos públicos de carácter municipal.

**Terceiro.** Instar igualmente a citada Consellería, para que informe en que situación se atopa unha das vivendas non afecta ao colexio de preescolar das Dunas de Gaifar (PANXON), emprazadas na parcela catastral 5060005NG1655N0001XO, con igual destino é finalidade, dado que se está a incumprir a finalidade inicial.

**Cuarto.** Facultar ao Alcalde para que realice as actuacións necesarias para levar a efecto este acordo.

#### **I.5.- SUBSTITUCIÓN DE PERSONAL NO “SERVIZO DE ATENCIÓN PRIMARIA VAL MIÑOR” DA XUNQUEIRA.**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 23 de xuño de 2016, acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción do concelleiro Xavier Rodríguez Fernández do grupo municipal do BNG:

*Exposición de motivos:*

Na época estival, o Servizo de Atención Primaria do Va! Miñor ubicado na Xunqueira vese notablemente mermado por mor das vacacións de determinado persoal médico ou técnico. Chegando incluso ao peche de algunas consultas por non dispor de profesionais que as atenden. Isto conleva atrasos nas consultas, desprazamentos a Vigo e aumentos nas listas de agarda.

Así, o vindeiro mes de xullo radiloxía e saúde mental permanecerán pechados e, no caso de fisioterapia terá sobre carga de traballo ao estar só un profesional dos dous habituals. Se a maiores temos en conta que a poboación do noso concello se incrementa de forma considerábel no verán, as consecuencias na calidade asistencial dos doentes da Comarca do Val Miñor en xeral, e de Nigrán en particular, veránse gravemente prexudicados na súa atención médica diaria.

É obriga do goberno municipal evitar o deterioro da asistencia sanitaria velando polos intereses dos nosos veciños.

Por todo o exposto, propón á Corporación Municipal adoptar o seguinte **ACORDO**:

Instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e ao SERGAS a substitución do persoal médico e técnico de: unha radióloga, un fisioterapeuta, un psiquiatra e un psicólogo durante o período vacacional do devandito persoal no Servizo de Atención Primaria da Xunqueira.”

**Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do BNG:* Explica as razóns da proposta, que busca a mellora do servizo evitando os prexuízos que se poden producir. É unha obriga do Concello ocuparse deste problema.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Están a favor.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* O seu grupo está a favor do funcionamento correcto dos servizos públicos. Aquí debería haber unha fundamentación técnica. Hai servizos que teñen marxe de axuste. Tamén hai un reforzo polos desprazados no verán. Habería que ver tamén outros aspectos tendo en conta que os recursos son limitados. Escasean certos facultativos en paro que poidan incorporarse temporalmente. Absteranse por falta de datos que sustenten a proposta.

*D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira, do grupo Nigrán Decide:* Subscriben a moción.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Comparte o espírito da moción. Os períodos de vacacións teñen esta complexidade. O centro da Xunqueira está infrautilizado. Votará a favor.

*Sr. Rodríguez Fernández:* O Val Miñor no verán ten máis poboación. Sube a demanda e non se substitúen vacacións dos profesionais, de xeito que hai servizos que pechan.

*Sr. García Pazos:* Hai médicos que dobran consulta, hai un reforzo para os desprazados, non hai radiólogos nin psiquiatras dispoñibles. Os xestores teñen que axustar os recursos con eficiencia, más alá das demandas dos profesionais.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A necesidade é evidente.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 11; PSOE, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 5; PP.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

## **II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBIERNO**

### **II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**


Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía ditados entre o 2 de maio de 2016 e o 31 de maio de 2016, ambos incluídos.

### **- ESPECIAL REFERENCIA Á SUBVENCIÓNS PARA SERVIZOS SOCIAIS**

O pleno toma razón do seguinte Decreto do 7 de xuño de 2016 , que se transcribe:

#### **CORRECCIÓN DE ERROS**

*Advertido un erro no decreto da Alcaldía de data 29 de 03 de 2016 na parte dispositiva, e en uso*



*das facultades que lle confire a vixente lexislación local, esta Alcaldía- Presidencia RESOLVE:*

*ÚNICO: CORRIGIR este decreto, quedando redactado nos seguintes términos :*

**DECRETO**

**SUBVENCIONES PARA SERVIZOS SOCIAIS**

*Vista o Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento*

*Esta Alcaldía-Presidencia, RESOLVE:*

*PRIMEIRO.- Solicitar á Consellería de Política Social a transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012 de 16 marzo, dunha subvención de 177,854,00 €, co seguinte detalle:*

|  |                  |
|--|------------------|
| - Persoal  | 30,026,00 euros  |
| - Mantemento:  | 0,00 euros       |
| - Axuda no Fogar:                                    |                  |
| . Modalidade de prestación básica do Plan Concertado | 0,00 euros.      |
| . Modalidade para persoas valoradas como dependentes | 147.828,00 euros |

*Os programas de Axuda a Domicilio (dependencia) e gastos de persoal (dous traballadoras sociais) son prórroga, e a prestación de servizos continúa desenvolvéndose nas mesmas condicións do ano anterior.*

*SEGUNDO.- Compromiso de cofinanciar o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, incluidos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2016 na contía de 227,619,57 €, que supón unha porcentaxe do 56,14 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.*

*TERCEIRO: Dar conta ao Pleno.*

---

**- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2015**

Tamén se da conta do Decreto de 28 de xuño de 2016 sobre aprobación da liquidación do orzamento xeral do exercicio 2015, que se transcribe:

**DECRETO**

*Dependencia: Intervención.*

**Asunto: Aprobación da liquidación do orzamento xeral do exercicio 2015 .**

*Vista a liquidación do orzamento xeral do Concello de Nigrán correspondente ao exercicio do ano 2015 elaborada conforme ao establecido no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e nos artigos 89 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.*

*Visto o informe do Interventor do Concello de Nigrán á liquidación citada, ref. T 109/16, do día 27 de xuño de 2016 .*

*De conformidade co establecido no artigo 191.3 do citado Real Decreto 2/2004 do 2 de marzo, esta Alcaldía, acorda:*

*Aprobar a liquidación do orzamento xeral do Concello de Nigrán correspondente ao exercicio de 2015, e dar conta da mesma ao Concello Pleno na primeira sesión que celebre.*

## **II.2.- ROGOS E PREGUNTAS**

**1.- D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:**

1.1. ¿Está determinado o remanente do 2015, o total e para gastos xerais?.

*Sr. Alcalde-Presidente: Si.*

*Sr. García Pazos: Eu entendo que cando dixemos que o correo corporativo o podíamos utilizar para poñerse en contacto os corporativos co goberno e cos funcionarios e que tiña validez legal en tanto que nos dábamos por entendidos todos da información recibida, ao estar liquidado, as dúas peticións que fixen de contar con el xa se cumpliran.*

1.2. Tendo o remanente de Tesourería para gastos xerais xa determinado, os dous proxectos más importantes que hai que son a dotación de abastecemento de auga á parroquia de Parada e a reforma e acondicionamento do pavillón municipal se encaucen porque, polas contías que teñen, o procedemento administrativo vai ser complexo e ten que haber unha primeira certificación de obra. Queda moi pouco tempo. Desexo non acertar no vaticinio que lle fixen de que esas dúas obras vanse perder para o exercicio 2016.

1.3. Tamén utilizando esa vía normal de comunicación dúas peticións que fixen, a execución presupostaria do 2016, que a reiterei dúas veces ainda non dispoñemos o noso grupo desa información.

1.4. ¿En que situación se atopa neste momento o reintegro de contías presuntamente cobradas de forma indebida por CESPA?



*Sr. Alcalde-Presidente:* Aínda non está pechado o expediente.

*Sr. García Pazos:* Nos medios de comunicación lin nunha noticia que un dos fundamentos que daba a empresa era que se fixeran cargo da recollida de residuos do parque empresarial, que non estaba no contrato.

1.5. No último Pleno díxome que neste mes no que nos atopábamos ian a estudar a posibilidade de ampliar o aparcamento na zona de Panxón, porque lle recordei que no mes de decembro indicara nos medios de comunicación que ia buscar antes do verán unha solución para o déficit de prazas.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Está en contratación para facer o novo pintado das rúas.

1.6. Creo que levamos, así figura na páxina web do Concello, 13 expedientes de modificación de crédito á altura do ano na que estamos, ¿parécelle coherente que fai un ano e medio ou dous o utilizara como argumento para non votar a favor un presupuesto no Pleno o de que todos os expedientes debían pasar polo Pleno para aprobación e que a estas alturas xa levemos 13?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Os 13 que se fixeron foi porque eran necesarios para o funcionamento do Concello. Si é coherente.

1.7. Outros argumentos que utilizou no seu momento para non aprobar o presupuesto foi que retiráramos a partida correspondente á dotación de auxiliares de policía local porque había suficientes policías para atender Nigrán. Non só apareceu no presupuesto, senón que nos medios de comunicación aparece vostede fotografado con eles indicando que Nigrán conta con novos auxiliares de policía cando no seu momento pediu que esa partida se quitara do presupuesto, e como tal figura nunha acta de Pleno. Se pensa que é coherente mo di.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Si é coherente.

1.8. Un rogo que me pediu un funcionario municipal porque é un tema que lle pode influir no seu traballo. Este funcionario, un polícia, pediu a contestación a unha petición que fai de recoñecemento por parte do Pleno dunha distinción que ten de diferente tipo. Isto pode ter repercusión á hora de poder acceder a unha promoción profesional. Xa van dous meses, pregúntolle se lle vai contestar xa e se se vai facer; se se pode facer no Pleno do mes que ven.

*D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado:* Temos constancia de dúas peticións de recoñecemento de méritos e honores de dous axentes da policía. Por un lado un deses axentes presenta nove recoñecementos fóra do seu expediente e o outro presenta un recoñecemento honorífico fóra do expediente. O problema é que non contamos cun regulamento de honores para tramitar ese recoñecemento no Pleno, co que estamos intentando xestionar da forma máis rápida que podemos, incluso o último que se lle propuxo á Xefatura da Policía é que colaboraran no borrador dun regulamento pero non é tan fácil de solucionar.

*Sr. García Pazos:* Eu só entro no tema da contestación. Que se conteste nun prazo de tempo. Non estaba entrando no fondo da cuestión.

*Sr. García Moreira:* Tramitarase e se dará contestación se ao final conseguimos unha resolución administrativa.

**2.- M<sup>a</sup>. Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular:**

2.1. Non entendo por que non nos chega ningunha comunicación de invitación para asistencia a ningún tipo de actos, como as festas de San Xoán, Juan María, etc.

2.2. ¿Cando se vai acabar a zona verde que está en construcción en Priegue?

*Sr. Alcalde-Presidente:* A obra de Priegue a ver se a rematamos canto antes. As invitacións nós só as trasladamos cando nos invitan a algún acto, se a comisión de festas de Panxón non nos envía invitación nós non a reenviamos. Os únicos que enviaron foron os de San Pedro e se vos deu.

**3.- D<sup>a</sup>. Liliana Silva Pequeño, do grupo Popular:**

3.1. ¿En que data empezan os socorristas?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Mañá.

*Sra. Silva Pequeño:* ¿Ata cando?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Ata o 30 de agosto, dous meses a través da Mancomunidade. A subvención da Xunta de Galicia é para dous meses.

3.2. ¿E a programación cultural?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Mañá.

**4.- D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:**

4.1. En varias Comisións de Contas falouse de certasinxustizas nas bonificacións nas taxas e nos impostos. Fai un ano falouse de consensuar unha modificación das bonificacións. ¿Vai facer algo diso?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non nos deu tempo a facer ese estudio completo.

4.2. Con respecto ao tema de CESPA, destacar que vostede di que son cartos dos veciños e que hai que defendelos e que hai que controlar ás concesionarias. Quería lembrarlle que a contratación destas auditorías é como consecuencia dunha moción que presentamos nós. Fala ai que aparentemente os 100.000 euros que a auditoría que contratou o goberno



anterior nos servizos anuais, os 680.000 euros aproximadamente que non cumpliu das melloras e os 60.000 euros que non cumpliu do plan de investimentos a empresa alega que é pola recollida no parque empresarial. ¿Pode facilitarnos as alegacións da empresa?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Si.

4.3. Na moción de decembro eran dous puntos, un sobre as auditorías e outro era que se iniciara un expediente administrativo para reclamarlle á empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos todos os importes non prescritos que se lle tiñan que ter descontado do canon polos ingresos recadados a través dos distintos sistemas integrados de xestión. Os datos xa os teñen, entre 2011 e 2014 CESPA facturou de máis 94.000 euros. ¿Que pensa facer agora que sabe que facturou de máis?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Analizar os datos e se son verdade detraerase dos pagos, pero temos que facelo cun respaldo de informes técnicos.

*Sr. Cuevas Raposo:* Sorpréndenos a lentitude en defender os cartos dos veciños, porque xa levamos máis de seis meses con este tema. Non me vou cansar de preguntar e ao mellor tomamos outras medidas.

4.4. No Pleno do 17 de decembro tamén se acordou crear unha mesa de dialogo para que no prazo de seis meses, ou sexa que o 17 de xuño rematou, se decidiran as características, dimensións, servizos que debe prestar e o emprazamento da futura biblioteca de Nigrán. ¿Vai asumir as características, dimensións e servizos que lle propuxemos nós, que dixo na prensa que lle parecía válido?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Paréceme válido pero hai que facer un análise completo. Recoñeo que o 17 de xuño tiñamos que ter algo máis do que temos, pero non temos ainda nada pechado.

*Sr. Cuevas Raposo:* É un acordo plenario incumprido e unha promesa electoral incumprida, porque unha promesa electoral súa era cumplir todos os acordos plenarios.

4.5. Pídolle que reflexione sobre as obras que vai a facer en Priegue na zona dedicada ás pistas de petanca. Eu non son técnico, pero a mi no me parece un bo proxecto.

#### 5.- *D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:*

5.1. Solicito tamén que se nos envie copia da liquidación do orzamento.

5.2. Que se retiren os diversos carteis de obras xa finalizadas fai tempo, tanto da Xunta como da Deputación para evitar o impacto visual.

5.3. Que se proceda á retirada de paneis publicitarios que se atopen en estado de abandono.

5.4. Na rúa Rans os parterres que se proceda ao seu mantemento.

5.5. Que se proceda á mellora da eficiencia do alumeadoo público da rúa da Pateira en Nigrán, que paradoxicamente iniciouse no seu día a renovación dos puntos de luz e xusto está ata a metade, o resto son puntos de luz, 11, que están con lámpadas de mercurio, o que implica maior consumo e discriminación para os veciños.

5.6. Que se revisen os lavapés situados en Praia América xa que existe algúns que non funciona.

5.7. Xa que tivemos coñecemento pola prensa que varios membros da Policía Local, en concreto 6, asistiron aos Xogos Europeos de Policías e Bombeiros en Huelva, ¿a canto ascendeu o gasto total para as arcas municipais e se se aboaron dietas ou desprazamento por asistencia, á parte das cotas de inscrición?; ¿cántos días estiveron ausentes e se durante este tempo quedou suficientemente atendido o servizo e como é posible prescindir de tantos axentes cando sempre reprochan a falta de efectivos? Ao mesmo tempo, se foron aboados servizos extraordinarios por reforzo de persoal.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Contestaremos por escrito.

5.8. ¿Temos algunha noticia respecto á licenza de construcción da nave en Porto do Molle para actividade aeronáutica?, ¿xa está resolta a controversia coa Consellería de Medio Ambiente en relación co informe de avaliación ambiental?, ¿para cando se poderá contar coa correspondente licenza?. UCN ponse a disposición do goberno para axudar a resolver este expediente que consideran de vital importancia.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Xa está o informe de avaliación ambiental de Xunta, positivo; xa están os informes do Arquitecto Municipal e da Enxeñeira Municipal tamén positivos. Está no departamento xurídico dende fai dous días para resolver de forma inmediata.

*Sr. Fernández Comesaña:* Quero que lle transmita aos técnicos municipais a máxima prioridade neste asunto.

5.9. No Pleno anterior do mes de maio anunciou a posibilidade de por en marcha unha modificación puntual do plan sectorial de Porto do Molle. Compartímos inicialmente esa proposta. ¿Por tratarse dunha cuestión que entendemos urgente, pode dicirnos se a través de Zona Franca ou do propio Concello están traballando nesta modificación para corrixir defectos ou erros que permitan a instalación de novas empresas e a creación de emprego?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Está o Arquitecto Municipal iniciando ese procedemento, porque está claro que hai que facer modernizacións.

5.10. ¿Están xa redactados os proxectos técnicos para as obras da rúa do Mariñeiro en Panxón e Camiño Vello en Nigrán? ¿De non ser así, en que situación se atopan e cales son as dificultades?.



*Sr. Alcalde-Presidente:* En rúa do Mariñeiro non hai problema ningún, xa esta o proxecto entregado. Camiño Vello aínda non está. Puxémonos en contacto co antigo redactor e temos que reunirnos cos veciños para ver que solución se lle da a esa rúa.

5.11. Recentemente adxudicáronse postos temporais en praias quedando desertos tres deles. ¿Foron sacados de novo a licitación?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non. Eran os de prensa. Como vimos que non eran moi interesantes non os volvemos a sacar.

5.12. ¿Por que non se pon en marcha dunha vez un plan que homoxeneice os postos de venta en todo o litoral e dar así unha mellor imaxe turística do municipio, ampliando a concesión a un período maior de tempo que permita amortizar as inversións en vez de estar todos os anos con esta anarquía?

*Sr. Alcalde-Presidente:* O intentamos este ano; se fixo por catro anos, pero da Dirección Provincial de Costas contestáronos que só permitían de ano en ano.

5.13. ¿Que pasa con control bacteriolóxico das fontes públicas? Moitas non dispoñen de cartel informativo da súa potabilidade ou non. ¿Pódese garantir que non existe risco para a saúde pública?

*D. Alfonso Vázquez Pérez, concelleiro Delegado:* Só se poñen carteis nas que non están aptas para o consumo, as demais son aptas.

*Sr. Fernández Comesaña:* Pode levar a confusión, porque ata agora púñanse carteis do control que se estaba seguindo, por semestre, e se eran ou non potables. Agora míranse carteis antigos nas que eu revisei, onde aparece a última analítica no segundo semestre do 2015.

*Sr. Vázquez Pérez:* O que estamos plantexando é cambiar os carteis que teñen as fontes, porque hai que pórse de rodillas para poder lelos.

5.14. Á anterior concesionaria do servizo de mantemento de zonas verdes deducíuselle cantidades por traballos facturados e non realizados dende abril de 2015 ata febreiro do 2016, de acordo co informe da Enxeñeira municipal, por importe de 3.853,15 euros, sin embargo, o pasado 10.05.2016 acórdase devolver os importes descontados. ¿Que problemas xurdiron e cal foi a razón pola que non se seguiu o adecuado procedemento de tramitación do expediente e quen foron os responsables da súa tramitación?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Contestaremos por escrito.

5.15. No DOG número 135 do 17.07.2014 publicouse a resolución pola que se declarou provisionalmente por un período de 2 anos o ENIL, espazo natural de interese local, do ecosistema dunar en Praia América-Panxón. ¿Presentouse o plan de conservación do espazo?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Xa fai dous meses polo menos.

5.16. Recentemente púxose en funcionamento unha antena de rede telefónica 4G na central da Avenida de Castelao, o que está a provocar interferencias en distintas zonas do municipio, interferencias que están impedindo ver os distintos canais de televisión bloqueando imaxes e incluso a perda total dalgúns canais, o que provoca desconcerto por falta de información. Trátase dun servizo gratuito para os afectados que poden acudir chamando a un número de teléfono 900833999, xa que a citada antena 4G opera nunha banda de 800 MHZ e a súa implantación estase levando a cabo en todo o territorio nacional de forma gradual, estando prevista a súa finalización en marzo de 2018. Hai un período de 6 meses para que os afectados por esta medida poidan reclamar a corrección deste problema ou en todo caso plantear o reintegro de gastos soportados polos particulares por descoñecemento. ¿Púxose a disposición dos afectados a debida información así como a canalización das reclamacións para o reintegro cando proceda?

*D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado:* Soubemos do problema polos veciños. Puxémonos nós tamén en contacto co servizo de afectados, démoslle directamente instrucións a veciños de varias comunidades da zona de Rosalía de Castro de como tiñan que proceder e para asegurarnos de que a todo o mundo lle chega a información, o servizo de atención á ciudadanía do Concello tamén ten as instrucións para que cando lle veña un veciño con esta problemática saiban como actuar. A solución é moi sinxela, é un pequeno filtro que ten que instalar a operadora de forma gratuita porque as interferencias son porque está utilizando a antiga banda pola que se emitía a televisión.

*Sr. Fernández Comesaña:* Eu creo que había que ir más alá, había que difundilo para que toda a xente teña esa información. Rogo que se dea información mediante bandos ou notas de prensa. En Nigrán temos outro problema engadido que é o repetidor para a zona de Priegue e de Camos co repetidor de Saians.

5.17. O pasado 26.05.2016 a Valedora do Pobo requiriu ao Concello para que no prazo de 15 días remita toda a documentación referida a unha denuncia formulada por un particular contra o local Costa Serena en Praia América por incumprimento de varios aspectos, horario de peche, ruído excesivo, emisión de gases no edificio por falta de cheminea, ocupación da beirarrúa con mesas e sillas, ante a pasividade do Concello. ¿Pode informar se xa se remitiu o informe solicitado e por que non se actúa ante as reiteradas denuncias?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Xa se enviou todo o que solicitou a Valedora do Pobo.

*Sr. Fernández Comesaña:* ¿Ante as queixas que están chegando dos veciños, pensa actuar sobre todo con respecto ao tema dos gases que afectan a ese local porque non ten saída de gases que interfieren no garaxe de todo o edificio?

*D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado:* Dende o primeiro momento en que eses veciños se puxeron en contacto co Concello fixérонse varios requisitos por que pese a que o local poida xerar algúns inconvenientes, recordo que ten unha licencia de actividade municipal plena e unha licencia de terraza tamén plena e legal, co que o problema era co tema de gases de co tema de ruidos. O Concello para garantir que non



molestar a ningún veciño solicitóuselle un estudio acústico a dito local ademais de requirilos para que montaran un sistema de evacuación de gases adaptado a dito local. Ese requerimento xa se fixo e tamén foi enviado á Valedora do Pobo para que analice a situación.

*Sr. Fernández Comesaña:* Comparto que é unha licencia antiga, pero como tapería non estaba o uso de cociña e se se están incumprindo as condicións da licencia inicial creo que o Concello debe intervir e actuar se se demostra que é certo o que se denuncia.

**6.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:**

6.1. Antonio vaime permitir que recolla o do panel publicitario de Rosalía de Castro.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Ese xa se quitou.

6.2. A mi deixoume un pouco preocupado unha contestación a Antonio por que antes estaban falando de detraerlle a CESPA importes indebidamente aboados e eu tiña pensado preguntar que pasou con ese abono que se aprobou facerlle a TALHER S.A. de 3.853,15 euros; un abono que previamente fora descontado das facturas mensuais que o Concello pagou á empresa pola conservación e reposicións das zonas verdes. A mi me preocupou un pouco que o Alcalde conteste á pregunta de Antonio que non sabe nada. Paréceme relevante que se apliquesen descontos por traballo facturados e non realizados pola concesionaria a raíz de informe da Enxeñeira municipal e que agora procedan a aboarlos. Eu quería que o explique no Pleno.

*D. Rubén Rial Sánchez, concelleiro Delegado:* O problema das contías que se detraeron das facturas mensuais foi que se fixo directamente co informe da Enxeñeira. Eles alegaron que ese non era o procedemento legal e houbo que darles a razón e volver a iniciar o expediente para detraerlo das facturas, porque eses incumplimentos están comprobados.

6.3. Que solicitedes á Xunta o pintado dun paso de peóns na rúa Torrente Ballester, á altura de onde desemboca a rúa da Foz, onde remata o paseo da Ramallosa. Remata ali o paseo e cruza moita xente.

6.4. Na Comisión que se reuniu ao efecto do asunto da biblioteca, logo de que acoutáramos as alternativas a tres basicamente, que eran a ampliación da actual, reforma integral de Cotros ou construcción dun novo edificio en Nigrán, o que concluímos era que se informasen as tres alternativas coa correspondente valoración económica, porque o custe é moi diferente nos tres casos e hai que ter todo en conta para tomar a decisión. O que me gustaría saber é se por parte do goberno se solicitou a realización destes informes.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Eu falei co Arquitecto municipal, pero non foi unha orde concreta de facelo e polo tanto é moi posible que non se iniciase ese procedemento.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Rogo que se inicie ese procedemento.

\*\*\*

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.